

PRIMEIRA CIRCULAR —LINGUA GALEGA E LITERATURA II—

Consideracións xerais

Nesta primeira circular informativa da materia de “Lingua Galega e Literatura II” queremos presentar o novo modelo de proba que vai aplicarse nesta convocatoria das PAU, do que xa existe unha mostra no espazo da materia na web da CIUG, onde tamén pode atoparse a correspondente rúbrica de corrección e cualificación.

A finais do pasado curso chegouse a un **acordo no seo da CRUE** (Conferencia de Reitores e Reitoras das Universidades Españolas) polo que os territorios con **linguas autonómicas** (Galicia, Catalunya, Illes Balears, Euskadi, Nafarroa e Comunitat Valenciana) se comprometen á elaboración de **probas cunha estrutura común respecto das áreas de contidos e do peso na cualificación de cada unha delas**.

Segundo este acordo, a nosa proba debe responder a tres grandes áreas de contido: “Comprensión e produción lectora” (que se corresponde co noso bloque curricular de “Comunicación”), “Lingua e sociedade” (que inclúe os nosos bloques curriculares de “Reflexión sobre a lingua” e mais “A lingua e os seus falantes”) e “Literatura” (no noso currículo o bloque de “Educación Literaria”).

Ese mesmo **acordo establece** que as cualificacións para cada área serán as seguintes: **“Comprensión e produción lectora” (4 puntos); “Lingua e sociedade” (3 puntos); “Literatura” (3 puntos)**.

Consonte ao disposto neste acordo, o primeiro modelo de proba xa subido á web para a materia de “Lingua Galega e Literatura II” neste curso responde ás tres áreas de contido e á cualificación consensuada no seo da CRUE.

A concreción das áreas e da súa cualificación fíxose no noso caso por medio de catro preguntas que recollen os contidos das tres áreas do acordo. A Pregunta 1, que responde ao Bloque de Comunicación (no acordo “Comprensión e produción lectora”). A Pregunta 2 sobre o Bloque de “Reflexión sobre a lingua” e a Pregunta 3 sobre o Bloque “As linguas e os seus falantes” (que abranguen todos os contidos englobados baixo o rótulo “Lingua e sociedade” no acordo). E a Pregunta 4 centrada na “Educación literaria” (no acordo “Literatura”).

A **Pregunta 1 é obrigatoria** e non presenta optatividade. A **Pregunta 2, Pregunta 3 e Pregunta 4 poden presentar optatividade ou non** e poden facelo en maior ou en menor medida.

Debe salientarse que **este deseño de proba da materia** de “Lingua Galega e Literatura II”, **cumprindo coas directrices da CRUE dun progresivo aumento do enfoque competencial, establece esta porcentaxe nun 40%**, pois este é o peso no conxunto da nova proba da cualificación da primeira pregunta, que no ano anterior representaba unicamente o 25% da cualificación reservada para o enfoque competencial.

Doutra parte, consonte o disposto no apartado décimo do artigo 13 sobre as características básicas dos exercicios da Proba de Acceso á Universidade

(PAU) do Real Decreto 534/2024 (BOE do 12 de xuño de 2024), no que se refire á **corrección relativa á coherencia, cohesión, corrección gramatical, léxica e ortográfica dos textos elaborados así como á súa presentación**, e segundo o acordo adoptado no ámbito da CRUE, a puntuación que se outorgará para estes efectos nas materias de linguas cooficiais (Lingua Galega e Literatura II, Lengua Castellana y Literatura II, Llengua Catalana i Literatura II, Euskal Hizkuntza eta Literatura II, Euskara eta Literatura II, Valencià: Llengua i Literatura II) será do 20% do total da proba.

No Decreto 157/2022 (DOG do 26 de setembro de 2022), polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, aparece como obxectivo 5 para a materia de “Lingua Galega e Literatura” o seguinte “Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas”, polo que en **cada pregunta este obxectivo terá unha cualificación específica e proporcionada, de xeito que a suma desta valoración no conxunto de todas as preguntas da proba represente o 20% da cualificación total desta.**

Máis aínda, no acordo de CRUE antes mencionado tamén aparece a seguinte anotación: “Naqueles territorios con linguas cooficiais, recoméndase ter en conta esta realidade á hora de definir os criterios específicos de corrección”.

Xa que logo, **en cada pregunta haberá unha valoración específica e proporcionada para ese apartado.** Esta valoración só será de aplicación no caso de que a alumna/o teña un mínimo de resposta correcta nas outras partes da rúbrica da pregunta que se estea a valorar. Fíxase ese mínimo nun 20% da cualificación, polo que se a alumna/o non chega a ese mínimo na valoración da pregunta non se aplicará esta parte da rúbrica, outorgando un valor de 0 puntos por este apartado.

Estrutura da proba

A seguir descríbese a estrutura, contidos e criterios de avaliación deseñados para cada pregunta.

Pregunta 1: Bloque de “Comunicación”

Esta primeira pregunta non terá optatividade de xeito que todos os seus apartados serán obrigatorios para todo o alumnado. Nesta pregunta avaliaranse os criterios de avaliación CA2.5, CA2.6, CA2.7 e CA2.8. Centrarase en cuestións sobre algún aspecto de comprensión e análise do texto:

1. Resumir o texto ou unha parte del.
2. Realizar un esquema ou indicar o tema ou temas.
3. Indicar a estrutura.
4. Identificar as ideas principais e secundarias.
5. Explicar o significado concreto no texto dalgunha palabra, expresión ou fragmento.

6. Recoñecer a intencionalidade. Será especialmente interesante que se perciba o sentido real do texto, alén da súa literalidade (pénsese en recursos como, por exemplo, a ironía, as presuposicións etc.).
7. Identificar xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica.
8. Escoller entre varias opcións, para avaliar as competencias relacionadas coa comprensión etc.

A puntuación total desta primeira pregunta será sempre de 4 puntos.

Pregunta 2: Bloque de “Reflexión sobre a lingua”

Esta pregunta pode presentar opcionalidade ou non. Nela traballaranse saberes básicos relativos ás disciplinas lingüísticas (fonética e fonoloxía, morfoloxía e sintaxe, semántica e lexicografía) para que a reflexión sobre a lingua sirva á comprensión textual para avaliar o CA4.3.

Con este fin formularanse cuestións sobre:

1. Identificar e describir as principais características da fonética da lingua galega.
2. Identificar e usar as diferentes clases de palabras.
3. Evidenciar a comprensión das posibilidades de creación de palabras e enriquecemento do léxico mediante a composición, derivación, parasíntese e acronimia.
4. Identificar e empregar axeitadamente as formas verbais e perífrases.
5. Identificar e empregar as clases de sintagmas/frases, os seus constituíntes e as funcións que poidan exercer nas cláusulas/oracións.
6. Identificar e usar as funcións primarias da cláusula/oración (suxeito, predicado e complementos).
7. Identificar e usar as relacións existentes entre estruturas sintácticas.
8. Evidenciar a comprensión das diferentes relacións léxico-semánticas das palabras (sinonimia, antonimia, hiperonimia, cohiponimia, hiponimia, familia léxica e campo semántico) mediante a identificación nun texto ou o emprego de sinónimos, antónimos etc.).

Para maior claridade, sinálanse catro aspectos adicionais sobre esta segunda pregunta:

1. Non se solicitará unha análise fonética completa de secuencias ou fragmentos, só de determinados fonemas.
2. Non se pedirá unha análise sintáctica formal de oracións/cláusulas.
3. Non se pedirá análise morfolóxica de palabras, pero poderá pedirse identificación de elementos dalgún dos seus constituíntes para relacionalos con outras palabras e atopar familias léxicas ou descubrir os significados dos mesmos morfemas noutras palabras e comprender mellor o léxico do texto.
4. Poderase preguntar por algúns dos elementos que contribúen a dotar de cohesión e coherencia un texto, como antecedentes de relativos, referentes textuais de pronomes, valores anafóricos e catafóricos dalgún elemento, nexos e conectores etc., pero non se pedirá unha análise xeral dos mecanismos de

cohesión dun texto determinado (aínda que se valorará o seu uso na produción textual).

5. As preguntas non serán unicamente teóricas; non se trata de reproducir memoristicamente, senón de identificar o valor de unidades lingüísticas nun contexto determinado para unha máis profunda comprensión textual.

A puntuación total desta segunda pregunta será sempre de 1,5 puntos.

Pregunta 3: Bloque “As linguas e os seus falantes”

Esta pregunta pode presentar opcionalidade ou non. As cuestións propostas responderán aos criterios de avaliación CA1.1 e CA1.2. Procurarase (aínda que non é imprescindible) que as respostas se elaboren a partir da análise de estímulos (textos, viñetas, estatísticas, gráficas, mapas...) vinculados a contidos do Bloque 1. Con carácter orientador e non excluínste, as cuestións poderán versar sobre:

1. As linguas da Península Ibérica.
2. As variedades dialectais do galego.
3. A variedade estándar, os sociolectos e os rexistros de lingua.
4. Os prexuízos e estereotipos lingüísticos.

Como normal xeral, procurarase que esta pregunta implique na súa resposta a produción dun texto cunha extensión aproximada de 120 palabras.

A puntuación total desta terceira pregunta será sempre de 1,5 puntos.

Pregunta 4: Bloque de “Educación literaria”.

Esta pregunta pode presentar opcionalidade ou non. As cuestións propostas responderán aos criterios de avaliación CA3.5, CA2.5, CA2.6, CA2.7 e CA2.8. Os textos escollidos serán representativos dos períodos literarios indicados no currículo.

Entre as posibles preguntas que poden formularse neste bloque atópanse:

1. Caracterizar brevemente o conxunto da escrita do/a autor/a do texto incardinándoo no seu contexto histórico-literario.
2. Comparar dous textos literarios en función da súa temática, forma...
3. Elaborar un comentario literario guiado.

Nas cuestións de análise intratextual precisarase que se xustifique a resposta con exemplos do propio texto.

Esta pregunta implicará a produción dun texto cunha extensión aproximada de 200 palabras.

A puntuación total desta terceira pregunta será sempre de 3 puntos.

Consideracións finais

En resposta a algunhas cuestións que con frecuencia o profesorado da materia trasladou a este Grupo de Traballo, queremos aclarar:

1. Os modelos, rúbricas ou circulares de pasadas PAU poden consultarse tan só a título orientador ou comparativo. A proba deste ano responderá unicamente ao proposto nos modelos, rúbricas e circulares deste curso.

2. A extensión indicada para os textos das respostas ten que respectarse. Neste sentido, e como norma xeral, un desvío maior dun 10% do total de palabras indicado pode ser obxecto de penalización na cualificación.

3. A proba de “Lingua Galega e Literatura II” das PAU responde aos contidos do currículo vixente (Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, DOG do 26 de setembro de 2022) e este indica como contido:

Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916-1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias.

O documento legal non fai mención a subperíodos concretos nin salienta voces literarias significativas nestes.

Non compete ao Grupo de Traballo da nosa materia a modificación dun currículo oficial concretando nada que non apareza explícito no propio documento, pois facelo sería contravir as disposicións normativas.

4. Na resposta a determinadas cuestións sobre o funcionamento da lingua (Fonoloxía, nomenclatura verbal, Sintaxe...) poden empregarse diferentes terminoloxías sempre e cando estas describan con coherencia e rigor científico os fenómenos descritos. Agora ben, o que debe evitarse é o emprego simultáneo de diferentes terminoloxías nunha mesma resposta, debendo optar por unha delas de principio a fin.

Finalmente, aproveitamos para informar de que o Grupo de Traballo continúa a traballar na elaboración de novos modelos de proba e as súas correspondentes rúbricas, materiais que irán subíndose ao espazo da materia na web da CIUG ao longo do curso. Así mesmo, non desbotamos a posibilidade de dar a coñecer novas circulares se así for preciso.

Aproveitamos para lles enviar un saúdo cordial e desexarlles un bo comezo de curso.

Grupo de Traballo
Lingua Galega e Literatura II